Orde do 12 de xullo de 2010 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 15 de abril de 2010.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, pola Orde do 15 de abril de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 76, do 23 de abril), de conformidade co disposto no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e no uso das facultades conferidas polo artigo 17.4º do referido decreto lexislativo.

Esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 15 de abril de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 76, do 23 de abril).

Segundo.-Adxudicar destino, nos postos de traballo que se indican, e seleccionar ao persoal que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O cesamento no destino actual do persoal que obtivo praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia.*

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o persoal preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e o disposto na base sétima da convocatoria.

O cómputo de prazos de posesión iniciarase cando rematen os permisos ou licenzas que, se é o caso, foran concedidas ao citado persoal. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria iniciarase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-O xefe do centro no que cause baixa o persoal, así como o daquel no que obteña destino, consignarán no titulo administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión.

Quinto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnala directamente rante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

ANEXO

Apelidos e nome: Vila Pérez, Carlos.
NRP: 3331694102 A2068.
Grupo: A1.
Denominación do posto de traballo: xefe/a do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental.
Código do posto de traballo: MA.C99.10.003.27001.001.
Centro directivo: departamento territorial.
Localidade: Lugo.
Corpo/escala: xeral/especial.
Nivel: 28.
Complemento específico: 15.213,24 €.

Apelidos e nome: Vázquez Quintela, José Antonio.
NRP: 3493398268 A2066.
Grupo: A1.
Denominación do posto de traballo: xefe/a do Servizo de Calidade e Avalición Ambiental.
Código do posto de traballo: MA.C99.10.003.32001.001.
Centro directivo: departamento territorial.
Localidade: Ourense.
Corpo/escala: xeral/especial.
Nivel: 28.
Complemento específico: 15.213,24 €.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Resolución do 9 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a lista definitiva de admitidos e excluídos para participar nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos mencionados corpos da Comunidade Autónoma de Galicia convocados por Orde do 16 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia*, do 5 de abril).*

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 112, do martes 15

de xuño de 2010, cómpre efectuar as seguintes modificacións:

1º.-Declarar exenta da realización da proba de coñecementos de lingua galega a Dovale Vilar, Sandra; DNI 34637934-A.

2º.-Incluír na lista de admitidos a:

-332 b Reinaldo Lusquiños, Mónica; DNI 77004571-L; L-S-S-N; disciplina 590105-formación e orientación laboral.

Resolución do 14 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

A base 9 da Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG do 25 de marzo), pola que se convoca procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Realizada esta baremación e resoltas as reclamacións presentadas contra a puntuación provisional, procede a súa publicación.

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e no enderezo da internet http://www.edu.xunta.es o día 20 de xullo de 2010, as puntuacións definitivas do baremo establecido na Orde do 11 de marzo de 2010.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 7 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se aproba a resolución definitiva do concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde convocado pola Resolución do 21 de xaneiro de 2010.

De conformidade co previsto na base 7.3 da Resolución do 21 de xaneiro de 2010 (DOG nº 27, do 10 de febreiro) pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, á vista das reclamacións presentadas á resolución provisional do concurso de traslados, este centro directivo

ACORDA:

Primeiro.-Declarar resolto definitivamente o concurso de traslados para a provisión de prazas pertencentes ás categorías e especialidades de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde convocado pola Resolución do 21 de xaneiro de 2010 (DOG nº 27, do 10 de febreiro), nos termos que aparecen reflectidos no anexo desta resolución, ademais das listaxes correspondentes expostas na páxina web www.sergas.es

A estimación ou desestimación das devanditas reclamacións á baremación provisional entenderanse implícitas nesta resolución de publicación.

Segundo.-A publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* serviralles de notificación aos interesados.

Terceiro.-De conformidade co establecido na base 8.8 da convocatoria, a toma de posesión dos novos destinos adxudicados nesta resolución efectuarase de modo simultáneo á dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo convocado polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), e comezará a contar o 13 de setembro de 2010.

Cuarto.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán formular recurso contencioso-administrativo ante o xulgado competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, ante este centro directivo.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde